

## Campaña de vacinación fronte a gripe e a COVID-19 2024

En Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2024

Estimada/o Sra/Sr Alcaldesa/Alcalde,

Compráceme comunicarlle que a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, porá en marcha un ano máis a campaña anual de vacinación antigripal de xeito conxunto coa vacinación fronte a COVID-19.

A vacinación comenizará o día 23 de setembro e rematará o vindeiro 31 de decembro e, coma na campaña anterior, o inicio será secuencial para favorecer a priorización dos colectivos con maior risco.

Gustaríame solicitar a súa colaboración para a difusión desta campaña que pretende mellorar a saúde da poboación galega, reducindo a incidencia da gripe e da COVID-19 e a diminución das súas complicacións, así como o risco de hospitalización e morte relacionadas con elas.

Por este motivo, facémoslle chegar os carteis divulgativos da actual campaña para que realice a difusión que crea oportuna naqueles centros dependentes do seu concello, como nas dependencias municipais, centros sociais ou deportivos, co fin de facilitar información á cidadanía para que poidan coñecela, soliciten cita e acudan a vacinarse ao seu centro sanitario.

Informámoslle tamén de que a Consellería de Sanidade pon á súa disposición a páxina web temática da gripe <https://gripe.sergas.gal>.

Sen máis, agradecerlle de antemán a súa inestimable colaboración.

Un cordial saúdo.

